

Roles da comunidade

Administrador (Menú do administrador = Administrar - Comunidades - Administradores)

Os usuarios con rol de administrador da comunidade teñen todos os permisos para a xestión íntegra da súa comunidade: xestión da comunidade, xestión de usuarios, xestión de grupos, ... etc

ROL recomendado para os responsables da Comunidade (Centro Educativo)

Xestor (Menú do administrador = Administrar - Comunidades - Xestores)

Os usuarios con rol de xestor da comunidade teñen todos os permisos para a xestión dos grupos e poden acceder aos informes e ás estatísticas de uso da súa comunidade.

Non teñen permisos sobre os usuarios

ROL recomendado para os profesores do centro educativo

Membro (Menú do administrador = Administrar - Comunidades - Membros)

Os usuarios con rol de membro da comunidade non teñen ningún permiso de xestión.

ROL recomendado para os alumnos do centro educativo

Roles dos grupos

Administrador (de grupo)

Por defecto asígnase o rol de administrador do grupo ao creador do propio grupo.

O creador do grupo pode asignar o papel de administrador a outros usuarios do mesmo grupo, podendo ter varios administradores nun mesmo grupo.

Tamén pode asignar o rol de titor a calquera usuario que sexa membro do grupo.

O administrador do grupo ten permisos totais sobre o grupo: xestión das características do grupo, xestión dos usuarios do grupo, xestión de roles do grupo ... etc.

Titor (de grupo)

Os usuarios con rol de titor do grupo teñen permisos de moderador do grupo.

Os titores dos grupos poden moderar os contidos que os usuarios publican no grupo, pero non teñen permisos para a xestión dos usuarios dos grupos.